



SI

# A Sociedade da Información nos fogares galegos

Presentación dos principais resultados sobre as TIC  
- “Enquisa de Condicións de Vida das Familias 2013”-

# Índice

**1**

## Introdución

**2**

## Cal é a situación e a evolución?

**2.1**

### Principais resultados

**2.2**

### Que factores inflúen no uso das TIC ?

**2.3**

### Tendencias

**3**

## Análise DAFO

## 1

## Introdución

### Obxectivos

- Analizar o equipamento e uso das TIC nos fogares galegos
- Actualizar o Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia, incluído no Plan Galego de Estatística 2012 - 2016
- Servir de elemento de definición das políticas públicas en materia da Sociedade da Información e Modernización de Galicia.

### Marco



#### CONVENIO



- Metodoloxía e recollida de datos: IGE, a través da inclusión de indicadores sobre as TIC na “Enquisa de Condicións de Vida das Familias. Ano 2013” (ECV – IGE)
- 8.086 entrevistas en fogares e 17.582 enquisas a persoas de 16 a 74 anos de idade.
- Procesamento estatístico e análise: Amtega – OSIMGA -

### Fontes de información

- Evolución Anos 2008 – 2010 – 2012 – 2013 :  
Con carácter xeral, comparativas cos datos dispoñibles nas edicións previas realizadas polo IGE para harmonizar datos evolutivos, empregando nestas catro edicións a mesma metodoloxía
- Comparativa co contorno:
  - Indicadores estatais: INE
  - Indicadores europeos: Eurostat

## 2

**Cal é a situación e a evolución?**

**Ritmo de crecemento superior  
ao estatal e ao europeo**



**Galicia reduce a fenda dixital nos  
principais indicadores de equipamento e  
uso das TIC, mostrando unha tendencia á  
converxencia coa media estatal**



## 2.1

## Principais resultados: Internet e Banda Larga

**Galicia recorta a fenda dixital en contratación de Internet e banda larga:**  
**Un 65,3% dos fogares galegos teñen contratado Internet a través de banda larga, duplicando o seu rexistro de 2008**


| Crecemento 2012-2013 | Galicia | España | Europa |
|----------------------|---------|--------|--------|
| Internet             | 17,1%   | 2,7%   | 5,3%   |
| Banda larga          | 23%     | 3,1%   | 5,6%   |



| Redución de fenda no período 2012 - 2013 | Contratación Internet | Banda Larga    |
|------------------------------------------|-----------------------|----------------|
| Coa media estatal                        | En 7,8 puntos         | En 10,1 puntos |
| Coa media europea                        | En 5,6 puntos         | En 8,2 puntos  |


## FOGARES CON INTERNET CONTRATADO

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



## FOGARES CON BANDA LARGA CONTRATADA

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Dous de cada tres fogares contan cunha conexión a Internet de 2Mbps ata 10 Mbps e un 21,1% de fogares teñen unha maior velocidade, entre 10Mbps e 30 Mbps



XUNTA  
DE GALICIA





## 2.1

## Principais resultados: Uso das TIC

Un 64,8% da poboación galega utilizou Internet nos últimos tres meses.

A fenda dixital con España e Europa reduciuse en máis de 5 puntos porcentuais no uso de Internet no período 2012 - 2013



Uso de Internet:

Galicia: 12,9%. España: 2,6%. UE: 2,7%



Viaxes e aloxamentos son os servizos máis demandados polos galegos/as nas compras a través de Internet, seguidos pola adquisición de roupa e complementos e a compra de entradas para espectáculos

#### BENS E SERVIZOS MÁIS DEMANDADOS NAS COMPRAS A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS 12 MESES

(% sobre as persoas que compraron por Internet nos últimos doce meses)

#### PERSONAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




## 2.1

## Principais resultados: Interacción coas AAPP a través de Internet

## PROCESO REALIZADO POR INTERNET NA XESTIÓN COAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que nos últimos 12 meses realizaron xestións coas AAPP por Internet )



As xestións sanitarias e a tramitación da declaración da renda son os dous procedementos que máis xestionan os galegos/as a través da Rede.

- Os homes prefiren realizar trámites como a declaración da renda, documentos persoais (como o carnet de conducir, pasaporte...) e certificados
- Mentres que as mulleres superan en 12,9 puntos porcentuais aos homes no que se refire a xestións sanitarias, trámites coas oficinas de emprego, beneficios sociais, bibliotecas públicas ou xestións universitarias.

2

## Cal é a situación e a evolución?

### 2.2

### Que factores inflúen no uso das TIC ?

#### Idade



#### Convivencia con nenos/as



#### Xénero



#### Hábitat




## 2.2

## Factores que inflúen no uso das TIC (I)

➡ **Idade:** A mocidade galega sitúase por riba da media estatal no uso de Internet

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a idade.

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



#### Comportamentos diferenciados no uso de Internet segundo a idade:

- Preferencia dos maiores: Consulta da prensa, radio ou televisión.
- As persoas con idades entre os 25 e 44 anos destacan no uso da banca electrónica, a busca de información sobre bens, servizos e turismo, a realización de cursos en liña e a venda ou aluguer de bens ou servizos.
- Os máis xóvenes, de entre os 16 e 24 anos, son os que maior porcentaxe de uso teñen no servizo de chamadas vía internet, redes sociais, navegar sen ningún propósito ou a descarga de xogos e software.

## 2.2

## Factores que inflúen no uso das TIC (II)

## ➡ A convivencia con nenos/as inflúe positivamente no uso das TIC,

No fogar residen nenos/as e xóvenes de 3 a 16 anos :

Uso do ordenador: 77,2%

Uso de Internet : 78,7%




No fogar NON residen nenos/as e xóvenes de 3 a 16 anos:

Uso do ordenador: 59,5%

Uso de Internet : 59,9%

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos/as  
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Os fogares galegos onde reside un neno/a ou xoven de 3 a 16 anos superan en **18,8 puntos** as porcentaxes de **uso das TIC** que se rexistran noutro tipo de fogares.

## 2.2

## Factores que inflúen no uso das TIC (III)

**Reduciuse a fenda de xénero no uso de Internet en Galicia**

Ano 2008 → Ano 2010 → Ano 2012 → Ano 2013  
 6,5 puntos → 4,2 puntos → 3,9 puntos → 3,8 puntos


Esta fenda é inferior á que se rexistra en España (4,1 puntos)

Diferenzas significativas nas compras a través de Internet segundo o sexo:

- Os homes destacan na compra pola Rede de: Películas e música, material deportivo e xogos de ordenador.
- As mulleres decántanse máis polas compras de roupa e complementos, duplicando a correspondente porcentaxe de homes.

**Produtos comprados a través de Internet nos últimos doce meses segundo o sexo.**

(% sobre o total de persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses)




Fonte: OSIMGA+IGE (2013)

## 2.2

## Factores que inflúen no uso das TIC (IV)

## ➡ O hábitat segue a marcar diferentes ritmos de implantación das TIC

Contratación de Internet segundo o número de habitantes do concello. Ano 2013  
(% sobre os fogares onde reside algunha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE. (2013)

Dos sete grandes concellos de Galicia, Santiago é o que presenta a maior porcentaxe de fogares con conexión a Internet.

A totalidade dos 7 concellos con maior poboación de Galicia supera a media galega

Contratación de Internet nos 7 grandes concellos de Galicia. Ano 2013  
(% sobre os fogares onde reside algunha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA+IGE. (2013)

## 2.2

## Factores que inflúen no uso das TIC (V)

## Hábitat

MAPA DE FOGARES CON CON ACCESO  
CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A ÁREA



**Maior** presenza de banda larga:

- Área de Santiago (76,5%)
- Área da Coruña (75,2%)

**Menor** presenza de banda larga:

- Área de O Carballiño-O Ribeiro (41,5%)
- Área de Lugo sur (43,2%)
- Área da Ourense Sur (46,5%).

- Máis do 70%
- Do 60% ata o 70%
- Do 50% ata o 60%
- Menos do 50%

Fonte: OSIMGA+IGE. (2013)



## 2.3


## Tendencias: Mobilidade e Redes Sociais

## Uso de equipamento TIC que permita a mobilidade

A maior parte dos fogares galegos con conexión a Internet conéctanse á Rede a través do ordenador portátil (67,2%), seguido do 65% dos fogares que o fan a través do teléfono móbil.

## PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET PARA PARTICIPAR EN REDES SOCIAIS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses)



## Difusión das redes sociais

Os internautas galegos empregan, en maior medida, Internet para usos relacionados coas redes sociais (69,6%), superando en 5,5 puntos a media estatal.

Este servizo de Internet vén experimentando un incremento continuo nos últimos anos, aumentando en 9,1 puntos porcentuais no último ano





### FORTALEZAS

- Galicia reduce a fenda dixital nos principais indicadores de equipamento e uso das TIC, mostrando unha tendencia á converxencia coa media estatal
- A mocidade galega sitúase por riba da media estatal e europea no uso de Internet
- Redución da fenda dixital de xénero no uso de Internet ata os 3,8 puntos na actualidade
- As compras a través de Internet preferidas polos internautas galegos: Viaxes e roupa
- Altos niveis de equipamento e uso TIC nas áreas urbanas especialmente nos sete grandes concellos.

### DEBILIDADES

- Descenso acentuado no uso das TIC nas persoas con idades superiores os 44 anos.
- O hábitat segue a marcar diferentes ritmos de implantación das TIC.
- Tres áreas sitúanse por debaixo do 50% na contratación de banda larga (O carballiño-O Ribeiro, Lugo Sur e Ourense Sur)

### Análise DAFO

### OPORTUNIDADES

- Modernización das Administracións públicas na relación coa cidadanía
- Facilitar a vida á cidadanía mediante a mellora dos servizos prestados en ámbitos como: sanidade, educación, xustiza, benestar
- Promoción da competencia dixital da cidadanía como base esencial para un emprego de calidade, a cohesión social e a calidade de vida.
- Uso de equipamento TIC que permite a mobilidade.
- Emprego das redes sociais, en maior medida, que a media estatal

### AMEAZAS

- Dispersión poboacional
- Envellecemento poboacional

galiciã



XUNTA  
DE GALICIA